

## ANUNCIO

**Contratación de 2 Administrativos-as en réxime de persoal laboral fixo indefinido, proceso estabilización Lei 20/2021 (2022/E001/000035)**

O día 03/03/2025, mediante a Resolución da Alcaldía, núm. 268/2025, resolve-se:

## PRIMEIRO

Aprobar a proposta de contratación para a cobertura en propiedade de 2 prazas convocadas de administrativo-a (C22), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, elevada a esta Alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 04/12/2024, do seguinte teor literal:

*"...Declarar que ten superado o proceso selectivo o aspirante que a continuación se relaciona, e propoñer á Alcaldía para que sexa seleccionado para a cobertura en propiedade dúas prazas de administrativo (Ref. C22), e adquira a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:*

| <b>Apelidos e nome</b>                  | <b>PUNTUACIÓN<br/>TOTAL</b> |
|-----------------------------------------|-----------------------------|
| <i>Ruíz González, Ventura ***5039**</i> | <b>100,00</b>               |
| <i>Romero Comojo, Laura ***7965**</i>   | <b>100,00</b>               |

"

## SEGUNDO

Contratar, en réxime de persoal laboral fixo, con cadanseu contrato laboral fixo indefinido como administrativa do Concello de Rianxo, ás persoas que se indican a continuación, nos destinos que se indican, tendo estes o carácter de provisional, de conformidade co establecido na Base Décimo Segunda.3:

| <b>Apelidos e nome</b> | <b>DNI</b> | <b>Puntuación<br/>Acadada</b> | <b>% xornada</b> | <b>Adscripción Provisional</b>           |
|------------------------|------------|-------------------------------|------------------|------------------------------------------|
| Ruíz González, Ventura | ***5039**  | 100,00                        | 100 %            | Departamento de Secretaría               |
| Romero Comojo, Laura   | ***7965**  | 100,00                        | 100 %            | Departamento de Obras e Servizos Básicos |

### TERCEIRO

Publicar esta Resolución no BOP e DOG, así como no taboleiro de anuncios (físico e electrónico), e páxina web municipal, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás persoas interesadas, indicándolle que a formalización do contrato laboral e a incorporación, deberán producirse, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP.

### CUARTO

Comunicar estas contratacións ao Servizo Público de Emprego, á Seguridade Social e as persoas interesadas e dar traslado ao Departamento de Persoal e Intervención para que realicen os trámites oportunos, así como ao Comité de Empresa do Concello de Rianxo para o seu coñecemento.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo, luns 17 de marzo de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín